



## ORDENANZA FISCAL 18 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA

### PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Excmo. Concello de Pontevedra establece a taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, a que se refire o artigo 20.4.t) do citado Texto refundido, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

### Artigo 1. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de subministro de auga potable polo Concello de Pontevedra.

2. Será obxecto da taxa, o subministro de auga potable para:

- a) Usos domésticos en domicilios particulares.
- b) Usos comerciais e industriais.
- c) Usos de obras.
- d) Outros municipios.

3. Interpretaranse os usos da seguinte maneira:

- a) Usos domésticos en domicilios particulares: Enténdese por tales, tódalas aplicacións que se dan ao auga para atender as necesidades da vida e hixiene privada, como son: a bebida, a preparación de alimentos e a limpeza persoal doméstica.
- b) Usos comerciais e industriais: Enténdese por tales, os subministros prestados a calquera clase de comercio ou industria, actividades profesionais e redes interiores contra incendios. As concesións para estes usos levarán comprendida implicitamente outra concesión para os domésticos propios do establecemento ou vivenda en que se exerza a industria ou comercio. O concesionario virá obrigado a independizar as instalacións, e colocar contadores independentes.
- c) Usos de obras: Enténdese por tales os subministros efectuados aos inmobles onde se realicen obras que teñan a consideración de maiores, permanecendo suxeito á tarifa sinalada en tanto non sexa obtida a correspondente licenza de primeira ocupación, apertura ou cambio de uso e sexa solicitado o referido cambio.

4. Non estarán suxeitos á taxa os inmobles declarados ruinosos ou que teñan a condición de soar ou terreo. A estes efectos entenderase por ruinoso unicamente aquel inmovible que fose obxecto dunha declaración administrativa de ruina de acordo co disposto no Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

### Artigo 2. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que ocupen ou

utilicen as vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nos que se preste o servizo, calquera que sexa o título polo que o faga.

2. Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os propietarios dos inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daqueles, beneficiarios do servizo.

### **Artigo 3. Responsábeis**

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

### **Artigo 4. Beneficios fiscais**

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

### **Artigo 5. Base imponible**

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa os custos directos e indirectos necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento razoable do servizo de abastecemento de auga.

### **Artigo 6. Cota tributaria**

1. A cota da taxa regulada nesta Ordenanza será o resultado de aplicar unha cantidade fixa ou, no seu caso, as tarifas contidas no presente artigo, que non inclúe o imposto sobre o valor engadido nos casos en que se devengue.

2. A cota determinarase en función dos seguintes elementos:

- c) Importe polo servizo de mantemento e verificación de contadores, propiedade ou non dos abonados.
- d) Cota de servizo por dispoñibilidade.
- e) Cota fixa por un mínimo facturado, e variable por un exceso de consumo real.

3. As tarifas desta taxa, para cada bimestre, serán as seguintes:

**PRIMEIRO.** Conservación polo servizo de mantemento e verificación de contadores, propiedade ou non dos aboados:

CALIBRE	BIMESTRAL (€)	ANUAL (€)
13/15/20	0,88	5,29
25/30	1,56	9,40
40/50	2,86	17,13
65	17,66	106,06
80	22,07	132,39
100	27,48	164,89
150	39,80	238,84
200	80,28	481,65
250	101,15	606,89
300	136,20	817,22
400	199,40	1.196,38
500	256,30	1.537,78



**SEGUNDO.** Por dispoñibilidade e consumo:

**a) Usos domésticos:**

- Cota de servizo por dispoñibilidade: 7'15 euros/bimestre
- Cota de consumo:
  - > Consumo de 0 ata 15 m<sup>3</sup>: 4,10 euros ao bimestre.
  - > Máis de 15 m<sup>3</sup>, 0'397 euros/m<sup>3</sup>

**b) Usos comerciais e industriais:**

- Cota de servizo por dispoñibilidade: 9,25 euros/bimestre
- Cota de consumo:
  - > Consumo de 0 ata 45 m<sup>3</sup>: 11,57 euros ao bimestre.
  - > Máis de 45 m<sup>3</sup>: 0,502 euros/m<sup>3</sup>

**c) Usos de obras:**

- Cota de servizo por dispoñibilidade: 10,23 euros/bimestre
- Cota de consumo:
  - > Consumo de 0 ata 200 m<sup>3</sup>: 88,73 euros ao bimestre.
  - > Máis de 200 m<sup>3</sup>: 0,814 euros/m<sup>3</sup>

**d) Concellos:**

- Cota de consumo: 0,183 euros/ m<sup>3</sup>

**e) Polígono industrial "O Campiño":**

- Cota de servizo por dispoñibilidade: 115,88 euros/bimestre
- Cota de consumo:
  - > Consumo de 0 ata 45 m<sup>3</sup>: 15,36 euros ao bimestre.
  - > Máis de 45 m<sup>3</sup>: 0,658 euros/ m<sup>3</sup>
- Cota de sobreelevación: 0,402 euros/m<sup>3</sup> por m<sup>3</sup> facturado.

A facturación farase por bimestre. Os subministros que non posúan contador, facturaranse por un mínimo de 200 m<sup>3</sup> para os usos domésticos e, 500 m<sup>3</sup> para os industriais e as obras.

4. Os obrigados tributarios que á finalización das obras de edificacións non presentaran as declaracións de alta no servizo por causas non imputables á administración, tributarán en concepto de taxa por dispoñibilidade e consumo na tarifa correspondente a usos de obras.

Excepcionalmente, as vivendas unifamiliares tributarán na seguinte tarifa:

- Cota de servizo por dispoñibilidade: 10,23 euros/bimestre
- Cota de consumo:
  - > Consumo de 0 ata 160 m<sup>3</sup>: 70,99 euros ao bimestre.
  - > Máis de 160 m<sup>3</sup>: 0,801 euros/ m<sup>3</sup>

5. O importe da taxa por reenganche nos supostos de corte de subministro por impago se establece en 40,00 euros.

6. A cota quedará reducida a cero para os contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado.

6.1. O carácter desta redución é rogado, xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ao da solicitude.

6.2. Os interesados que desexen solicitar esta redución da cota da taxa, deberán presentar o modelo normalizado aprobado polo concello de Pontevedra debidamente cuberto, achegando a seguinte documentación:

- a) Solicitude da redución mediante o modelo que se facilitará por este Concello.
- b) Fotocopia do NIF das persoas físicas solicitantes, así como no seu caso, xustificante que acredite a actuación a través de representación e NIF da persoa que actúe como representante.
- c) Fotocopia compulsada do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter público análogo.
- d) Fotocopia do último recibo de pago da taxa polo servizo de abastecemento de auga.
- e) Identificación da referencia catastral do inmovible obxecto da prestación do servizo de recollida do lixo (copia do recibo do imposto sobre bens inmovibles,...) no que debe constar correctamente a titularidade catastral do inmovible.
- f) No caso en que o inmovible obxecto de subministro onde resida o solicitante non sexa da súa propiedade, deberá achegar ademais:
  1. Fotocopia do NIF do propietario do inmovible.
  2. Fotocopia do contrato de aluguer ou documento que acredite que o propietario do inmovible cédelle o uso do mesmo ao solicitante da redución.

6.3. Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados nos puntos anteriores, requirirase ao interesado na forma establecida no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para que nun prazo de 10 días emenden a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, considerarase que desistiu da súa petición, logo de resolución ditada para o efecto.

6.4. Tanto o propietario do ben inmovible obxecto da prestación do servizo como o beneficiario terán a obriga de comunicar á administración municipal calquera modificación nos datos relativos a esta redución.

6.5. No caso de renovacións, cando o réxime protector ao que estea acollido o interesado se acorde por un período de tempo determinado, deberanse presentar soamente os documentos expresados nas letras a) e c) do punto 2 deste apartado.

6.6. O cambio de domicilio por parte do beneficiario suporá o cese do disfrute da redución da cota tributaria con efectos no mesmo bimestre en que efectivamente se probe. No seu caso deberá facer unha nova solicitude con todos os documentos expresados no punto 2 deste artigo para o recoñecemento da mesma no novo domicilio.

## **Artigo 7. Período impositivo e devengo**

1. O período impositivo coincidirá co bimestre natural. A taxa devéngase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos nos que se inicie a prestación do servizo, enténdéndose iniciada:

- a) Na data de presentación da oportuna solicitude de alta no servizo, se o suxeito pasivo a formula expresamente.
- b) Desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de abastecemento de auga municipal. O devengo producirase con independencia de que se obtivese ou non a autorización de alta e sen prexuízo da incoación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas esixíranse o primeiro día de cada bimestre natural seguinte ao do devengo. As cantidades esixibles conforme ás tarifas serán irreductibles polo período sinalado.



## NORMAS DE XESTIÓN

### **Artigo 8. Declaracións**

1. Presentarase mediante o impreso facilitado por este Concello as declaracións de alta, baixa ou modificación no servizo. As declaracións de alta e baixa producirán efectos no período impositivo da súa presentación mentres que as de modificación, no período impositivo seguinte.
2. Toda declaración de alta deberá achegar:
  - a) Identificación do substituto do contribuínte (aportando copia do NIF), e se non fora o mesmo, identificación do contribuínte (aportando copia do NIF).
  - b) Copia do título de propiedade do inmovible obxecto do servizo.
3. Nas declaracións de modificación (de calquera tipo), deberanse achegar os documentos que a xustifiquen.
4. O substituto do contribuínte, estará obrigado a comunicar as variacións de orde físico, xurídico ou económico que se produzan nos inmovibles ou actividades gravadas pola taxa. As ditas declaracións deberán presentarse no rexistro xeral deste Concello antes de que finalice o bimestre natural de facturación e, en todo caso, dentro dos 15 días naturais seguintes ao mesmo. No caso de falla de presentación de declaración ou presentación extemporánea desta, os efectos da mesma terán lugar no período impositivo seguinte ao da presentación, sen prexuízo das sancións que se puideran impoñer.
5. Nos casos nos que proceda, establécese un sistema de xestión común da presente taxa coas taxas pola xestión da rede de sumidoiros e polo servizo de recollida de lixo.

### **Artigo 9. Padrón da taxa**

1. A exacción desta taxa efectuarase mediante recibo emitido ao substituto do contribuínte, onde constará, de ser o caso, o contribuínte usuario do servizo.
2. O cobro dos recibos poderase facer:
  - En metálico, ben nas oficinas do concesionario do Servizo Municipal de Augas ben nas oficinas das entidades bancarias colaboradoras.
  - Ou mediante domiciliación bancaria.
3. O cobro das cotas realizarase bimestralmente, e como máximo en seis liquidacións en cada exercicio, sen que sexa necesaria a notificación das cotas que se deriven da declaración de alta.
4. A falta de cobro en período voluntario de dous recibos de períodos consecutivos, será entendida como unha baixa voluntaria do servizo, producindo efectos no seguinte período impositivo.
5. Os padróns bimestrais de substitutos do contribuínte, unha vez aprobados polo órgano competente expóranse ao público polo prazo dun mes no taboleiro de anuncios deste Concello. En todo caso expóranse os anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA**

1. A contía da cota da taxa poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).
2. O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante período comprendido entre o mes de agosto do ano no que se aprobara a última actualización e o mes de xullo do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación a, ambos inclusive.
3. A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA**

Aqueles contratos que pola súa antigüidade se formalizaran a nome dos contribuíntes usuarios do servizo en vez de ao substituto do contribuínte, a empresa concesionaria terá a obriga de notificar o requirimento da documentación necesaria para cambiar a titularidade da taxa no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta Ordenanza Fiscal.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación da Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión do día 24 de outubro de 2003, aprobouse polo propio Pleno na súa sesión día 28 de outubro de 2013, e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, producindo efectos ata a súa modificación ou derogación.